



Compostela
Cultura

Emocións naturais

Natureza, vida e amor

**REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA**

25 Aniversario

TEMPORADA DE ABONO
2020 → 2021

MARTES 5
XANEIRO 2021

Auditorio de Galicia, 21.30 h

CONCERTO DE REIS

Paul Daniel, director

Teimuraz Janikashvili, violín

PROGRAMA

Johann Strauss (1825-1899)

Abertura de O morcego

Antonio Vivaldi (1678-1741)

As catro estacións, op. 8, RV 297: O inverno

Teimuraz Janikashvili, violín

Astor Piazzolla (1921-1992)

Las cuatro estaciones porteñas: La primavera

Teimuraz Janikashvili, violín

Max Richter (1966)

Vivaldi recomposed (O verán 1, 2 e 3)

Teimuraz Janikashvili, violín

Antonio Vivaldi (1678-1741)

As catro estacións, op. 8, RV 293: O outono

Teimuraz Janikashvili, violín

Gioachino Rossini (1792-1868)

Abertura de Guillermo Tell

Duración aproximada do concerto: 1 hora (sen pausa). Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxo, etc.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

25 Aniversario

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora invitada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

Adriana Winkler
(concertino)

Anca Smeu (axuda
de concertino)

Ildikó Oltai **

Michał Ryczel

Yulia Petrushevskaya

Ilya Fisher

Anna Alexandrova

Claudio Guridi

Victoria Jurov

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *

Nikolay Velikov **

Helena Sengelow

Elina Viksne

Irina Gruia

Samira Ajkic

Kiyoko Ohashi

Gyula Vadaszi

Enrique Roca

VIOLAS

Tilman Kircher *

Natalia Madison **

Oxana Bakulina

Timur Sadykov

Ionela Ciobotaru

Anne Schlossmacher

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *

Thomas Piel **

Alexandre Llano (R)

Carlos García

Millán Abeledo

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *

Alfonso Morán **

Raquel Miguélez (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *

Luis Soto **

ÓBOES

Christina Dominik *

Esther Viúdez **

CLARINETES

Beatriz López *

Vicente López **

FAGOTES

Juan Carlos Otero *

Manuel Veiga **

TROMPAS

Jordi Ortega *

Alfredo Varela *

Xavier Ramón **

Simon Lewis (R)

TROMPETAS

Javier Simó *

Ramón Llåtser **

TROMBÓNS

Esteban Méndez (R)

Arturo Centelles (R)

Óscar Vázquez (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Marta Prado (R)

Diego Zandundo (R)

ARPA

Bluenn LeFric (R)

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

PAUL DANIEL

DIRECTOR

É o director titular e artístico da RFG dende 2013 e tamén se encarga da dirección musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Entre 2009 e 2013 foi o principal director e conselleiro artístico da West Australian Symphony Orchestra de Perth e foi director musical da English National Opera e da Ópera de North, ademais de principal director da Opera Factory. Foi director invitado das máis destacadas orquestras e compañías de ópera por todo o mundo. Dirixiu no Royal Opera House Convent Garden, en La Monnaie en Bruxelas, na Ópera Estatal de Baviera en Múnic ou no Metropolitan Opera de Nova York.

Recentes e futuros compromisos operísticos inclúen *Lucrecia Borgia* e *As vodas de Fígaro* coa English National Opera, *Gloriana* no Covent Garden, *Lulú* en La Monnaie, un dobre cartel con *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* coa Ópera Nacional de París; *Os troianos* coa Ópera de Berlín; ou *A Village Romeo and Juliet* coa Ópera de Frankfurt. Ademais dos seus concertos

coa West Australian Symphony Orchestra e a Real Filharmonía de Galicia, dirixirá a Filharmónica da BBC, Orquestra Nacional de Burdeos, Royal Philharmonic, Sinfónica de Hamburgo, Orquestra da Radio de Múnic, Tapiola Sinfonietta, Australian National Academy of Music, National Youth Orchestra e participará no Festival de Bregenz (Austria).

Entre as súas numerosas gravacións destaca o éxito alcanzado polo CD coa *Sinfonía núm. 3* de Elgar e o DVD da gravación de *Lulú* en La Monnaie coa soprano Barbara Hannigan. Coa Orquestra Nacional de Burdeos gravou obras de Wagner, Mahler e Chaikovski. En 1998 recibiu un Premio Olivier pola súa dedicación á ópera e nos New Year's Honours de 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.

TELMURAZ JANIKASHVILI

VIOLÍN

Nace en 1974 en Tbilisi (Xeorxia). Comeza os seus estudos de violín en 1980, proseguíndoos na Escola Central de Música de Tbilisi. Aos oito anos ofrece o seu primeiro concerto coa Orquestra Nacional de Xeorxia e a partir dese momento actúa como solista coa Orquestra Sinfónica en varios concertos e gravacións. En 1988 trasládase a Moscú para continuar a súa formación no Colexio de Chaikovski coa profesora M. Glezarova, con quen estuda ata 1991, e é nesta etapa cando gaña o Primeiro Premio do Festival de Nyrbator (Hungría).

En 1992 e 1993 é concertino convidado da Orquestra de Cámara de Tbilisi. En 1993 entra no Conservatorio Chaikovski, onde continúa os seus estudos superiores coa profesora Irina Bochkova. Nese ano forma parte tamén da Orquestra da RTV de Rusia. Desde 1994 ata 1996 é violín solista da Orquestra de Cámara Kremlin, baixo a batuta de M. Rachlevski. En 1994 e ata 1999 é membro da Orquestra de Cámara "Solistas de Moscú", con

cuxo director, Yuri Bashmet, ofrece concertos e participa en festivais por todo o mundo.

A partir de 1999 e ata 2004 trasládase a España e forma parte da Orquestra Sinfónica de Galicia, colaborando tamén como concertino da Orquestra Xove da Sinfónica de Galicia. Participa no cuarteto Ensemble Shostakóvich desde a súa fundación no ano 1999, así como cos cuartetos Ocean Drive e Avanti.

Na actualidade é Concertino Solista convidado por orquestras como a Orquestra Nacional de España, Orquestra Sinfónica de Barcelona y Nacional de Cataluña, Sinfónica de Tenerife, Sinfónica de Galicia, Flemish Opera, Orquestra Metropolitana de Lisboa, Sinfónica de Castilla y León, Orquestra Nacional do Porto, Sinfónica de Madrid, Teatro Nacional de San Carlos, Real Filharmonía de Galicia, Filarmónica de Gran Canaria, Orquestra de Cadaqués, Orquestra Sinfónica del Vallès.... Ten colaborado como Director Solista da Orquestra

Sinfónica Nacional de Colombia e da Sinfónica de Castilla y León.

É un dos fundadores e organizadores do Festival Internacional Florilegio Musical Salmantino. Os seus compañeiros en música de cámara son Gérard Caussé, Katia e Marielle Labèque, Gordan Nikolic, Pascal Moraguès, Henri Demarquette, Kennedy Moretti, David Bryson Quiggle...

Está moi implicado na formación de novos músicos: profesor convidado da Orquestra do Conservatorio de Tbilisi (1996-1997), profesor da Orquestra do Conservatorio de Moscú (1997-1998), profesor da Xove Orquestra da Sinfónica de Galicia (1999-2004), profesor convidado en Bogotá (2006-2007), profesor da Joven Camerata da Fundación Caja Duero (2005-2009), profesor da Joven Orquesta de Soria (2008-2011). En 2019 impartiu clases maxistras na Universidad de Concordia (Nebraska, EEUU). Tamén participou como docente nos encontros anuais da Joven Orquesta de Canarias e con regularidade imparte clases maxistras na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia, tanto a alumnos de posgrao como a alumnos do conservatorio.

Johann Strauss (1825-1899)

Strauss definiu fielmente a Viena frívola, imperial e aburguesada durante boa parte do século XIX, incluso se vería retratada a partir dos títulos dos seus valeses, polcas, e marchas. O musicólogo Guido Adler sinalou a música de Strauss como un infrecuente lugar de encontro para que Viena despregara as súas virtudes sociais e estéticas; calquera vienés, sen distinción de clase social, crenza relixiosa ou orixe, amaba abertamente a súa música. Así, o compositor chegou a ser un dos grandes símbolos da capital austríaca, cuxa sociedade foi descrita en 1874 en *O Morcego* desde un punto de vista novidoso. O aplauso do público foi inmediato e ningunha outra das súas obras escénicas posteriores puido eclipsala, tanto que foi a primeira opereta de Strauss presentada na Hofoper, dirixida por Gustav Mahler. A obra é un compendio de humor refinado e desbordante ledicia, chea de momentos cómicos fascinantes a través de identidades camufladas, disfraces e alcohol para retratar e intentar esquecer a difícil situación económica da cidade, tras unha crise bolsista sen precedentes en maio de 1873. No instrumental, a calidade de Strauss xa asoma nos primeiros

compases da abertura, un desborde de fantasía coas súas melodías francas e cristalinas, sendo unha das pasaxes máis lúcidas da obra e cunha instrumentación realmente brillante.

Moitos compositores, moi lonxe cronoloxicamente, puxeron música ás catro estacións do ano. Neste concerto, interprétanse as composicións de Antonio Vivaldi no Barroco, Astor Piazzolla no século XX e Max Richter que, en 2012, recompuxo a obra barroca. Visións dun mesmo tema en contextos históricos, xeográficos, culturais e estéticos ben diferentes, así o compositor italiano é descritivo nos aspectos máis inquietantes e adversos da natureza mentres o arxentino, traslada a música á cidade de Bos Aires rodeándose do ambiente do tango porteño e sumando a música culta europea e o jazz para expresar estados de ánimo, sensacións ou soños esquecidos. Richter deconstrúe unha obra inmortal para volver a creala sobre os seus cimentos sumando un son de século XXI, a música electrónica.

Antonio Vivaldi (1678-1741)

As catro estacións de Vivaldi convértese nunha peza de culto admirada en toda Europa e, tres séculos despois está fondamente enraizada na cultura moderna sendo parte dos sons da vida cotiá a través de anuncios, películas e series de televisión. Non obstante, en 1725, publicados Primavera, Verán, Outono e Inverno (non se usou o título *Catro estacións*) como os catro primeiros concertos da súa opus 8, *Il cimento dell'armonia e dell'invenzione*, víanse como música moderna, excéntrica, artificios de mal gusto e incluso, o camiño do futuro pois Vivaldi era unha figura controvertida na súa época. Nas *Catro estacións*, Vivaldi incluíu un soneto para cada concerto explicando que sucedía e proporcionando descrições ademais de instrucións de actuación, nun dos exemplos máis temperáns da música programática. Os versos dos sonetos están impresos no prefacio de cada concerto e nas partes instrumentais, en medio do tempo e as marcas dinámicas. Naquela época, iso ofrecía ao público afeccionado, instruído musicalmente na súa maioría, a posibilidade de tocar a obra con tantos músicos como se reuniran arredor dos libros de partituras,

como punto culminante dunha reunión social. O outono comeza cunha rústica danza da colleita, cos campesiños embriagados e durmindo para rematar o primeiro movemento. Na parte lenta os festeiros gozan dun doce sono nun ambiente suave e apracible. Case todo o movemento é unha secuencia de disonancias non resoltas, misteriosas e oníricas. O final abandona aos labregos pola clase alta, mentres que as chamadas das trompas inician a caza. A presa fuxe dos disparos e dos cans, finalmente canso, morre. O nevado e ventoso inverno comeza con calafríos (noutra notable cadea de disonancias), batendo os dentes, correndo e pateando sen cesar para manterse quente. O movemento lento é unha acolledora escena de lume mentres a choiva enchoupa aos que están fóra, as pingas en *pizzicato* aparecen baixo a melodía do violín solista. O final retrata o lento camiñar sobre o xeo esvaradío que empeza a gretarse e todos corren a refuxiarse na casa.

Astor Piazzolla (1921-1992)

Piazzolla, como Vivaldi, tamén foi cuestionado pois a súa enorme capacidade creativa, levouno a revolucionar un xénero aparentemente tan inmutable como o tango. Mais a súa sólida e infalible intuición para combinar o mellor e máis representativo da alma popular do tango co máis clásico e tradicional da música de concerto fíxoo ser recoñecido, por moitos, como o gran profeta do que deu en chamarse Novo tango cunha linguaxe e unha sonoridade propias, e ao tempo, inconfundiblemente modernas. Formou numerosas agrupacións especializadas no tango, buscando e loitando como realzar ese baile popular para introduci-lo nas salas de concerto. Escribiu numerosas obras para o seu Quinteto Nuevo Tango, entre elas *Las Cuatro Estaciones Porteñas* como homenaxe a obra do compositor veneciano, non concibidas como creación integral senón que foron partituras illadas escritas entre 1965 e 1970, unidas máis tarde no ciclo referido e con bandoneón solista e que realmente, moi poucas veces Piazzolla as interpretou como se se tratara dunha peza única. O termo porteño fai referencia aos habitantes do porto e á baía de Bos

Aires e por extensión, a todos os bonaerenses. A instrumentación orixinal incluía guitarra eléctrica, piano, violín (ou viola) e contrabaixo e foi transcrita en varias ocasións, como a versión para orquestra de corda de Leonid Desyatnikov que se interpreta neste concerto. Unha partitura con enxeñosas conexións vivaldianas, que establece un diálogo musical entre ambos compositores a través dun histórico que conecta períodos e territorios moi distintos cun hábil xogo con citas de Vivaldi dada a diferencia estacional, en ambos hemisferios terrestres, que queda reflectida musicalmente. O *Verano Porteño* trae calor a Bos Aires, calor húmido e insoportable que dificulta pasear pola cidade pois o asfalto queima e as rúas baléiranse. O ritmo lento e as melodías fan sentir a modorra da cidade. Aparece a paixón e a cidade parece espertar un pouco ao caer da tarde, pero cun ritmo lento e lánquido, languidez interrompida polo acelerando co que remata a peza.

Max Richter (1966)

Como a moitos compositores, a Max Richter fascinábano as *Catro Estacións* porque era unha obra omnipresente na paisaxe musical, pero tamén pensaba que había tempo que deixara de ser fermosa e se convertera nunha peza *muzak* (música de ascensor, de supermercado, de chamadas en espera...). Richter desexaba reconectar con ela e quixo facelo cun estilo accesible que mostrara as intencións de Vivaldi coa obra, aportando o seu propio marco de referencia e así o explica “Quería entrar na partitura a nivel das notas e en esencia reescribirla, recompoñéndoa de forma literal [...] a música de Vivaldi está feita de patróns regulares, e iso conecta co post-minimalismo, que é unha das liñas da música que escribo. Iso sentíao como un vínculo natural, pero aínda así era sorprendentemente difícil viaxar a través del. En cada momento tiven que pescudar canto é Vivaldi e canto son eu.” Richter creou unha peza que fala a unha xeración familiarizada coas remesturas, o *sampling* e os *collages* de son, establece un espazo electrónico en varios movementos, cousas sutís que, en certos momentos, enlazan cun

universo sonoro que forma parte da actual linguaxe musical. A primavera, o verán, o outono e o inverno presentan unha nova imaxe que varía substancialmente dos orixinais. Nos novos materiais, as frases á deriva e as texturas recombinadas desdebúxanse en muros de son, só para rexurdir cunha claridade descarnada e unha inmediatez conmovedora. Richter describe parte do primeiro tempo do seu verán como “música *heavy* para orquestra”, música de pulso implacable, que é unha calidade que presenta a música de baile contemporánea.

Gioachino Rossini (1792-1868)

É sen dúbida, un dos autores máis celebrados da historia da música. Foi un exemplo de fino e elegante humor, un carácter alegre e festivo que iluminou a escena musical e artística do seu tempo coa súa habilidade tanto coas palabras como coas notas. As súas anécdotas comezaron no mesmo momento do seu nacemento, ao ver a luz o 29 de febreiro do ano bisesto de 1792, polo que o compositor gustaba de celebrar os seus aniversarios cada catro. Non estivo exento de anécdota, tampouco, o feito da súa morte, publicado en prensa en 1818 e desmentido polo propio compositor, que aínda viviría outros cincuenta anos. Abandonou a súa formación para dedicarse completamente á composición aos dezoito anos e comezou a experimentar con libretos cómicos, partindo da tradición do xénero bufo xa tratado por Mozart. Establécese en Nápoles onde traballa para o empresario Barbaja (antigo camareiro e, nese momento, empresario do Teatro San Carlo), e a combinación entre ambos daría como resultado unha prolífica produción, tanto no xénero cómico como no da ópera sería. En 1823, Rossini realizou

unha viaxe artística que o levou a triunfar en Londres e París onde, en 1829, foi estreada con inmenso éxito a súa ópera seria *Guillaume Tell*. Composta sobre un libreto en francés -de aí o título orixinal- de Etienne de Jouy, Hippolyte Bis e Armand Marast, inspirado no drama de Friedrich Schiller, a súa abertura é, hoxe en día, unha das máis populares pezas do repertorio da música culta e está estruturada como unha pequena sinfonía: unha introdución lenta, un allegro que simboliza unha tormenta, un andante e un presto final que describe o triunfo do heroe. Ademais do seu final certamente brillante e rechamante, esta abertura caracterízase principalmente pola beleza dos solos que Rossini encomendou aos instrumentos de vento-madeira ao longo da peza.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 14 de xaneiro, 20.30 h

O PARAÍSO PERDIDO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Carlos Méndez, contrabaixo solista da RFG

S. O. Infante, *Gratulantes**

M. Mazzoli, *Dark, with excessive bright***

A. Dvorák, *Sinfonía núm. 8 en Sol maior, op. 88*

* *Estrea absoluta. Obra encargo da RFG*

** *Estrea en España*

Xoves 28 de xaneiro, 20.30 h

O IDILIO DE SIGFRIDO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Félix Mildenerberger, director

E. Grieg, Suite Holberg, op. 40

R. Wagner, Idilio de Sigfrido, WWV 103

C. Gounod, Sinfonía núm. 1 en Re maior



AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura

